

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 6 DE MAIO DE 2014

Ás 9.50 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Claustro universitario que preside o Reitor Magnífico D. Xose Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Xustifican a súa ausencia Nuria Vicente López, Juan José Pernas García, Miguel Valeiro Mouriño e Uxía Obelleiro Campos, José Ramón Méndez Salgueiro, Andrea González dos Santos, María Jesús Manso Revilla, Fermín Navarrina Martínez, Macías López Iglesias, Elena Hernández Pereira, Consuelo Sáez Díaz, Luis Pérez Castelo, María González Taboada, Alberto Ramil Rego e José Daniel Pena Agras.

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 4 de decembro do 2013

Tras a comprobación do quórum legal para realizar a sesión, o reitor abre esta, e somete a acta da sesión ordinaria do día 4 de decembro do 2013 á aprobación do Claustro.

Á parte de considerar as súas intervencións “*jibarizadas*”, o profesor Alejandro Pazos intervén para solicitar que conste a súa desconformidade coa intervención da vicerreitora, pois ao seu xuízo debe incluírse un “non”.

Feita a anterior aclaración, apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor

A seguir, o reitor comeza o seu informe ao Claustro, contextualizando o recente manifesto de todos os reitores da universidade española, lido o día 27 de abril. Este manifesto pon de relevo a preocupante situación actual das universidades no ámbito do financiamento, taxa de reposición, aumento da dedicación docente, bolsas dos estudantes, baixada dos fondos en investigación etc.

Os reitores solicitaron o cesamento de todas estas medidas excepcionais, implantadas a partir do Real decreto-lei 14/2012.



Despois de aprobada a LOMCE, o Goberno estatal trasladou ao Consejo de Universidades un borrador de real decreto sobre o desenvolvemento do acceso dos estudantes ás universidades. No ámbito galego, destaca que as nosas xestións permitiron modular o número mínimo dos estudantes nos distintos graos e mestrados, admitíndose a estrutura en árbore proposta para resolver os problemas dalgúns dos nosos títulos. Tamén destaca o reitor que co Concello da Coruña se chegou a unha bonificación do 95% do IBI, e 350.000 € para financiar o asfaltado da rede viaria.

Respecto da reforma da LOU, lembra que a intención do Ministerio non é tramitar unha nova Lei, senón traballar mediante reais decretos en temas de avaliación de centros, dedicación do profesorado e titulacións.

A seguir, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Alejandro Pazos considera que este é un día para a memoria da universidade: á vista da mobilización do PAS, pídelle reflexión ao reitor. Considera que o reitor non conta cos traballadores, e por iso renuncian a participar nos órganos universitarios. O problema ao seu entender é a forma de mandar do reitor, desde a súa torre de marfil, mentres a universidade se vai degradando día a día. Esa é a causa do malestar xeneralizado na universidade da Coruña.

Juan Fonte solicita máis aclaracións acerca da postura do Ministerio sobre a reforma da universidade e o informe de expertos que se presentou recentemente.

Carlos Biscainho pregunta sobre a aplicación da taxa de reposición ao profesorado do sector B. Que expectativas ou políticas se van facer?

Felipe Louzán, como profesor de Náutica e director de departamento, agradece os esforzos realizados polo reitor para asinar un convenio de prácticas coa asociación de empresas navieiras españolas (ANAVE). Isto constitúe un gran paso, e solicita que se continúe nesta liña e se asine coa Dirección Xeral da Mariña Mercante algún instrumento que permita canalizar todas as prácticas demandadas polos nosos estudantes.

José Carlos Santos Paz considera que, ante as políticas de recortes dos servizos públicos por parte dos distintos gobernos, é necesario denunciar no xulgado estas medidas, e informar a opinión pública sobre a nosa situación. Celebra o comunicado dos reitores, mais, de persistir o Goberno nesta liña, pregunta que políticas se van desenvolver para reaccionar contra ela.

Xurxo Dopico agradece en primeiro lugar o informe do reitor. Diante da situación de desmantelamento que nos rodea, considera que se están a degradar conscientemente as universidades. Mais hai que ver onde están as responsabilidades, e cales son as causas verdadeiras das políticas de axuste. A reforma dos estudos superiores, por exemplo. Parece apuntarse unha flexibilización da duración dos estudos, recomendando un esquema de 3+2, pero permitindo a desregulación, quizais para dar máis competitividade aos centros privados que vaian a ese esquema, deixando en fóra de xogo o noso esquema de 4+1, mesmo antes de se demostrar as súas eivas e fortalezas.

Ana Iglesias opina que a actual situación das universidades é dramática, especialmente aquelas que apostan por manter un esquema de servizo público. Considera que é necesario facer énfase na importancia social do noso modelo, reivindicando os nosos principios irrenunciáveis do modelo democrático, crítico e participativo de educación superior, fronte a outros modelos. A desregulación é xa o paso previo para a privatización. Por iso, solicita que o reitor aclare cales son os posicionamentos do equipo de goberno sobre isto.

Carlos Platas pregunta sobre a taxa de reposición, e o impacto que pode ter no normal desenvolvemento da actividade docente, así como as medidas que vai adoptar o equipo de goberno para paliar eses efectos perversos.

Feitas as intervencións, o reitor comeza a súa réplica manifestando a súa preocupación pola mobilización dos PAS. Reclama que todos fagamos autocrítica sobre se, ante a situación tan grave que se está a dar na sustentabilidade das universidades públicas, estamos facendo as políticas correctas. Neste sentido, considera que as mobilizacións do PAS se fan por desacordos en motivos puntuais coa acción deste equipo de goberno, fundamentalmente a devolución da paga extra e a diminución das partidas da acción social.

No primeiro aspecto, lembra que a diminución da paga extra foi aprobada por lei e executada pola Xunta, detraendo o seu importe das nosas transferencias correntes. Por iso a Xunta terá que devolvernol nos ese diñeiro para que nós o poidamos facer, pois do contrario careceremos dos fondos propios cos que afrontar o millón de euros que suporía. Respecto da acción social, explica que esa baixada, que non supuxo máis que un 17%, foi feita para podermos responder, no exercicio 2014, ás nosas prioridades: mantermos os cadros de persoal, e as axudas e bolsas aos estudantes. A

redución foi común ao PDI e ao PAS, e trataron de se salvagardar as prioridades da acción social.

O Ministerio non se manifestou publicamente sobre as consecuencias do informe de expertos de febreiro de 2013. Porén, no Consejo de Universidades e noutros foros, foron anunciando a folla de ruta do Goberno: non unha reforma da LOU, senón a adopción de medidas como a avaliación dos centros universitarios (probablemente para establecer un *ranking*), o cambio do sistema de acreditación do profesorado e a variación do sistema de goberno, eliminando os órganos de participación da comunidade universitaria. Fusionaríanse o consello de goberno e o consello social nun único órgano que escollería o reitor e o reitor escollería os restantes órganos colexiados. É o modelo portugués dos últimos anos. Nas últimas semanas apareceu tamén o tema da flexibilización dos graos. Nun Real decreto que pasou, con informe desfavorable, polo Consejo de Universidades sobre as equivalencias do MECES, apúntase xa nesa liña de flexibilizar a duración dos estudos universitarios (graos entre 180 e 240 créditos) a través dunha disposición adicional. Esta situación é moi preocupante, porque, tras moitos esforzos, apostamos no seu momento polo 4+1, e agora é o momento de avaliar os resultados, antes de volver a cambiar de novo, a cegas, a estrutura dos nosos títulos.

O reitor lembra que levamos xa tres exercicios coa taxa de reposición do 10%. Pese ás múltiples iniciativas dos reitores para lograr unha flexibilización da taxa no ámbito universitario, a postura do goberno é radical. Non se admite considerar as prazas de PDI como promocións, por cuestións legais, aínda que si no ámbito do PAS. No entanto, os reitores continúan negociando co Goberno para que, ante unha eventual mellora económica do país, se poida alargar a taxa de reposición. Hai rumores de que se podería pasar do 10 ao 30%, mais a nosa postura é eliminar as taxas de reposición no ámbito universitario, porque están a provocar un enorme dano na continuidade xeracional da investigación e da docencia. Volvemos aos tempos da precarización, dos “penenes”. Por exemplo, sinala que nas universidades catalás a media de profesores asociados é do 43%. Aquí temos unha media de contratados temporais laborais do 23%, e iso é pola nosa política de dotación de prazas estables a medida que o persoal en prazas temporais fose logrando a correspondente acreditación.

Verbo das prácticas dos estudos de náutica, dá conta das reunións celebradas na Dirección Xeral da Mariña Mercante con ANAVE, a asociación de navieiros españois, para conveniar a realización de prácticas curriculares dos nosos estudantes nos seus buques.



Sobre a flexibilización dos graos, transmite a súa preocupación, porque a improvisación é sempre unha mala política: cómpre agardar a facer unha avaliación da implantación das nosas titulacións antes de facer cambios, porque se non eses cambios corren o risco de non se adaptar ás necesidades concretas.

Considera que diante dos ataques ao modelo público de educación superior –a campaña de desprestixio, as políticas de desregulación, a aposta polo ensino universitario privado ou privatizado por vía do *full costing system*–, é imprescindible manter a unidade. O manifesto dos reitores, e as propias declaracións aprobadas por este Claustro hai dous anos, van nesa liña, en que é necesario seguir insistindo, para o cal solicita a colaboración de todos e todas.

3. Memoria anual de xestión do ano 2013

O reitor comeza a súa exposición da memoria anual de xestión do ano 2013 lembrando que os nosos estatutos establecen, no seu artigo 36, a obriga do reitor de presentar todos os anos esta memoria para o seu debate e votación no Claustro.

Os datos e as valoracións sobre a xestión do equipo de goberno ao longo de 2013 recóllense no texto que se puxo ao dispor dos/das claustrais, o pasado 14 de abril, no sitio web da Universidade.

O difícil contexto económico en que discorreu o ano non impide que poidamos valorar os pasos adiante que, nun escenario de normalidade académica, se deron nalgúns ámbitos de carácter estratéxico para a nosa institución. Nesta intervención o reitor só se detén nos máis salientables, sen prexuízo de ampliar a información ou de enfrontar outros aspectos da xestión no debate posterior.

Cando falo do problemático contexto económico refírome, claro está, **á importante redución das achegas ao Plan de financiamento do sistema universitario galego**, asociada en parte á baixada das retribucións dos empregados públicos dependentes da Xunta. Esta situación, tan negativa, obrigou a formular uns axustes máis severos dos previstos na Programación Plurianual 2011-2013.

Xa que logo, o orzamento da UDC reduciuse por terceiro ano consecutivo, **cunha caída nominal de 3,7 millóns**, o que supuxo un **3%** menos respecto

do exercicio anterior. Manter os gastos de persoal e os compromisos de axudas e bolsas só foi posible tirando de fondos propios e cunha forte contención no gasto en bens e servizos e nos investimentos.

O impacto do recorte visualízase na escaseza de orzamento para infraestruturas (un **13%** menos que no orzamento de 2012). Aínda así, fomos quen de poñer en marcha a **Residencia Universitaria de Ferrol**, grazas á colaboración institucional co Concello e coa Xunta. As intervencións que se fixeron nos campus foron só para mantemento e algunhas, como a dos viais do campus coruñés, houbo que as adiar a 2014.

Como saben vostedes, en abril de 2012 o Goberno central aprobou, mediante decreto, unhas medidas chamadas “**de racionalización do gasto público no ámbito educativo**” que, na práctica, permiten brutais subas das taxas. O decreto proclama, polas claras, que o seu obxectivo é aproximar gradualmente a contía dos prezos públicos ao custo real da prestación do servizo.

A noticia positiva foi que a Xunta aceptou a petición das tres universidades do país para conxelar as taxas de matrícula. O presidente do Goberno galego xa anunciou que no vindeiro curso 2014-2015 se manterá esta medida.

Canto ás **bolsas propias**, como dixen, mantivemos o esforzo malia diminuír o capítulo correspondente por minoración de axudas financiadas por outras entidades. Así mesmo, creamos un fondo especial para atender o **alumnado con dificultades económicas sobrevidas** por mor da crise que os obrigarían a abandonar os estudos na UDC.

Non me cansarei de repetir que a educación, en calquera dos seus niveis, incluído o superior, é un dereito universal irrenunciabile.

Nas circunstancias actuais non deixaremos de dar a batalla por defender esta conquista colectiva, de tan fondo alcance para os mecanismos de ascenso social e para a cohesión da sociedade. Por iso discrepamos dos novos criterios ministeriais para o acceso ás bolsas.

Completamos, por fin, a implantación dos **38 graos** resultantes da transformación das antigas licenciaturas e diplomaturas, que están xa en fase de extinción. Vellas e novas titulacións de grao suman **18 000** dos máis de **22 000 estudantes** matriculados na nosa universidade nos distintos ámbitos de estudo.

A Universidade da Coruña foi a primeira de Galicia en poñer en marcha os **programas de simultaneidade** –as dobres titulacións–, que teñen unha magnífica acollida, polo que nos propoñemos incorporar outros novos que amplíen a nosa oferta académica.

O forte incremento na matrícula dos **mestrados oficiais** (un **24%**) e o máis moderado en **tutela académica** (**5%**) compensan, en parte, o descenso no alumnado de grao e titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior. Xa que logo, **o número global de alumnos e alumnas mantense nun nivel semellante ao do curso anterior.**

Na política de calidade déronse pasos moi importantes. Un deles foi a creación da figura do **responsable de calidade** en cada centro. Outro, o deseño dun **sistema de garantía interna de calidade**, certificado e implantado, e do que xa dispoñen todas as escolas e facultades, tanto da Coruña como de Ferrol.

No ámbito da formación científica quixera salientar a creación da **Escola Internacional de Doutoramento**, xa en funcionamento cos seus correspondentes órganos de goberno (comité de dirección e comisión permanente). 2013 foi o ano en que máis teses se leron na historia da UDC. Ademais, un convenio con Inditex permítenos convocar a partir de agora **estadías internacionais** de estudantes de doutoramento, co obxectivo de incrementar a porcentaxe de doutores e doutoras con mención internacional.

Pola **proxección internacional** pasa un dos eixes estratéxicos en que se desenvolveu a acción do meu equipo de goberno ao longo do ano pasado.

Estanse a incrementar progresivamente as aulas en inglés, implantáronse **dous novos mestrados internacionais** (conveniados cunha universidade francesa e con outra portuguesa) e ampliouse a oferta no programa Erasmus con máis destinos para alumnado e profesorado. A evolución da **mobilidade estudantil foi moi positiva**, pois melloraron todas as taxas de mobilidade con respecto ao curso anterior.

A internacionalización é un reto de envergadura, un obxectivo a medio prazo que enfrontamos, con confianza e con rigor, sentando as bases para potenciar a integración en redes de colaboración xa existentes ou participando en máis programas especiais, como o **Erasmus Mundus**

Tempo, en que estamos consorciados con outras vinte universidades europeas.

A internacionalización pasa tamén por intensificar a participación en **proxectos de investigación internacionais**. En decembro comezou un programa intensivo para estimular a presentación de propostas no marco do programa **Horizon 2020** que, como saben, vén sendo o equivalente ao oitavo programa marco da UE.

O goberno non fixo convocatoria de axudas a proxectos de investigación en 2012 e, daquela, non houbo resolución ningunha en 2013, como se reflicte nas táboas incluídas na Memoria e como ben saben os investigadores vítimas de semellante despropósito ministerial.

Non obstante, esta anómala circunstancia quedou enmascarada no importe total dos proxectos de 2013 pola incorporación dos 3,2 millóns correspondentes á primeira fase do **proxecto A-Tempo** e que se executarán ao longo de 2014 e 2015. O obxectivo deste programa é impulsar a competitividade do sector naval en novos nichos de negocio fomentando a innovación empresarial.

Tamén se mellorou –cómpre mencionalo pola súa importancia para os obxectivo que nos propoñemos– a taxa de éxito na captación de **axudas da Xunta para consolidar grupos de investigación**.

Na mesma liña, quero salientar a notable participación dos grupos da UDC nas convocatorias FEDER Interconecta (do CDTI) e Conecta PEME (da Axencia Galega de Innovación) **en consorcio con empresas**. Os cadros do Informe de Xestión incorporan o gasto comprometido non só para 2013, senón tamén para 2014 e 2015, polo que cabe esperar que as cifras totais sexan moito menores no cómputo total do presente ano.

Así mesmo, rexistramos un incremento substancial do número de **convenios asinados** ao longo do ano (**916 fronte aos 777 de 2012**), consecuencia do esforzo por ampliar as relacións coas empresas e cos axentes sociais e culturais do noso contorno. Unha parte importante deles oriéntanse ás **prácticas** dos estudantes, tal e como esixen os plans de estudos dos novos graos. Por certo, que as prácticas contan desde abril cunha **nova normativa**, que regula tanto as curriculares como as extracurriculares.

Como dicía no comezo desta intervención, hai medidas gobernamentais que están a nos ocasionar graves atrancos a todas as universidades para manter os estándares de calidade. Unha delas, que neste momento preocupa enormemente nos campus de todo o Estado, é a **taxa de reposición do 10%** imposta para o profesorado.

Estamos a perder recursos humanos de calidade e está completamente bloqueada a promoción do profesorado, sen opción ningunha para o acceso á profesión académica e para os profesores que pasaron procesos de acreditación. No conxunto das universidades públicas españolas **xa se reduciron os cadros de persoal un 9% nos últimos cinco anos.**

O mantemento desta medida restritiva abócanos a unha etapa de incremento do PDI laboral en situación de **interinidade e de precariedade**, co seu previsible impacto na calidade e na motivación dos profesionais.

No lado positivo deste balance anual, apúntolles que **29** docentes máis do cadro de persoal da Universidade da Coruña incrementaron o número neto de profesores doutores e doutoras.

Canto á política de persoal de administración e servizos, o Consello de Goberno renovou en febreiro a Relación de postos de traballo. A nova **RPT** permite establecer **novos modelos de xestión económica** mediante as unidades de xestión académica integrada, así como reforzar as estruturas de xestión da investigación e da calidade das titulacións, entre outros aspectos.

Do mesmo xeito, a RPT inclúe o proceso de **funcionarización** do persoal laboral, do que se desenvolveu a primeira fase a mediados de ano e que terá continuidade nos vindeiros meses. Executamos así o compromiso estatutario (*disposición final sétima*) de ir a un **corpo único** de persoal de administración e servizos.

O reitor remata esta presentación do Informe de xestión de 2013 cunha mensaxe positiva. A realidade é a que é. O cal obriga a un esforzo de eficiencia e de motivación que ten que estar á altura da nosa responsabilidade social e do que de nós espera a cidadanía. Ese esforzo e ese sentido da responsabilidade en circunstancias adversas permítenos facer este balance realista de 2013, sintetizado no informe que hoxe presento a consideración do Claustro.



A preocupación polos atrancos importantes derivados das políticas para enfrontar a crise non vai alterar o rumbo da nosa universidade. Ese rumbo que o Claustro estableceu ao aprobar, pouco antes de acabar o ano, o Plan estratéxico para o período 2013-2020. Estratexia, obxectivos e accións para enfrontar con éxito esta etapa e chegar ás metas que nel se marcaron, coa implicación activa de toda a comunidade universitaria.

Tras a súa intervención, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado, enlazando coa misión de servizo público da universidade, lembra que votou a favor da declaración do Claustro do ano 2012, mais considera que, ademais desa misión, é imprescindible a rendición de contas sobre o ano 2013, que é o que hoxe toca no Claustro. Neste sentido, é abertamente crítico cos rendementos do equipo de goberno, mesmo recoñecendo os condicionantes externos existentes. É un feito que hai cada vez menos docentes, e que non hai promocións. Porén, hai que comezar a pensar como se vai afrontar a promoción cando se abra esta posibilidade legalmente. Sobre o número de estudantes, considera que diminuíron 1000 efectivos, cunha caída do 5%, o que reflicte que a nosa capacidade de atraer estudantes diminúe. Aínda que haxa outras causas económicas que tamén poidan influír, a memoria pasa de forma moi superficial sobre esta cuestión, que considera importante, e sobre a que algo haberá que facer. En investigación, considera que os esforzos de captación de fondos non están sendo axeitados para estimular a presentación de proxectos a convocatorias competitivas, nun contexto de redución estatal e aumento europeo das convocatorias. Hai cadros e gráficos na memoria que son pouco rigorosos, polo que solicita que se corrixan, para que a calidade media das memorias, como escolma seria de datos relevantes, siga manténdose. Outro aspecto criticable é a xestión das infraestruturas, como a do CITEEC, que aínda non se licitou a pesar de que se anunciou tal licitación. Lembra que debería haber unha comisión delegada do Consello de Goberno en infraestruturas. Considera que non hai política ambiental seria (eficiencia enerxética), alén das actuacións cara á galería. A pesar de se incorporar un cadro de conflitividade na memoria, critica que os recursos administrativos non se contesten.

Santiago Pellit considera que hai centos de traballadores nesta Universidade na pobreza, especialmente no capítulo VI, por culpa do reitor. Non están valorados, desprézanse. Non se lles recoñecen os seus dereitos, e seguen ser dar o brazo a torcer. Agarda que non lles ocorra igual aos seus fillos.

Andrés de Blas considera que é triste vir ao claustro para facer o *paripé*, como sempre. Impídense os debates reais sobre a política universitaria. Critica que non se poida replicar ás intervencións do reitor. Sobre a memoria do reitor, considera que é unha recompilación publicitaria de datos moi extensa, da que faltan valoracións. Critica que non se afronten definitivamente as obras no CITEEC e o asfaltado do campus de Elviña. En investigación, estamos nunha economía de guerra e mesmo así seguimos facendo cousas e captando fondos, como os do proxecto *Atempo*. Dubida que sexa oportuna a apertura de oficinas en Bruxelas. Considera que debería incluírse no total de fondos os outorgados pola Xunta para grupos de potencial crecemento e grupos consolidados, con desagregacións e proxeccións temporais. En canto á xestión da docencia, hai moitas lagoas. No seu centro, por exemplo, toca a 3 euros por alumno e materia para prácticas experimentais, algo absolutamente insuficiente. A UDC non foi aos campionatos universitarios de España por falta de financiamento do Consejo Superior de Deportes. Comenta por último a redución das bolsas predoutorais (de 22 a 7 propias e de 23 a 11 da Xunta). Agarda que o ano que vén a cousa cambie.

Antonio Izquierdo relata a súa experiencia concreta nas últimas semanas sobre reunións de POD en que se discutía como repartir o número de horas en función dos contratos dos profesores, mesmo até chegar á mentira. Dar datos inexactos sobre as cargas docentes para que os profesores en precario mantivesen o seu posto de traballo. No doutoramento, critica que nas comisións académicas dos programas de doutoramento sexa preciso ter apenas un sexenio recoñecido, “non necesariamente vivo”. Nesta Universidade hai un acento asimétrico e desequilibrado a favor da carga burocrática, da xestión, en detrimento da docencia e da investigación. Reduce máis carga docente ser vicedecano que dirixir teses de investigación. Considera que é preciso equilibrar a dedicación docente coa investigadora para poder estabilizar o profesorado. A renovación dos contratos docentes debe facerse non só por mor de necesidades docentes, mais tamén por cualificación no ámbito investigador. Sobre a oferta da UDC, considera que debemos mellorar os nosos puntos fortes, e innovar para singularizarnos. Por exemplo, áreas docentes interdisciplinarias e interfacultativas. Cómpre mirar non só cara a arriba, cara aos ministerios, mais sobre todo para a cidade, buscar as utilidades demandadas pola sociedade máis inmediata. Para iso é preciso liderado, convencemento sobre o que cómpre facer. Falamos de política, pero non se fai política; imos a remolque, polo que considera frustrante a participación neste tipo de órganos.

José Manuel Busto non comparte a idea de que este claustro sexa un *paripé* teatralizado. O documento estivo dispoñible durante case un mes. Fai fincapé en dous fitos presentes na memoria, que considera importantes como testemuño de que imos superando as nosas eivas. En primeiro lugar, o Servizo de Investigación foi reforzado durante 2013, mediante novas unidades desconcentradas nos campus, e foron captados máis recursos externos a pesar da enorme diminución de fondos dispoñibles en convocatorias competitivas. Isto manifesta que hai unha política, e que é efectiva, a pesar dun contorno hostil. Incrementáronse as teses de doutoramento defendidas no ano 2013 e as publicacións de referencia do PDI. Segue traballándose, pois, no ámbito da investigación, que é estratéxico. Tamén destaca o esforzo feito no ámbito de internacionalización, cuxos resultados efectivos (mestrados internacionais, capacitación lingüística do profesorado, por exemplo) reflicte a memoria, a pesar da “economía de guerra”, grazas ao esforzo de todos correctamente canalizado e estimulado.

Elena Sierra súmase ás palabras do profesor Busto: non estamos ante un *paripé*. É optimista e, a pesar do contexto tan complicado, non estamos ante unha “economía de guerra”, e poden seguir facéndose cousas positivas e necesarias, como demostra a acción do equipo de goberno. Salienta os esforzos feitos no ámbito da Administración electrónica nos últimos dous anos. Estes esforzos fan a xestión de todos máis doada e eficaz. Sinala o portal do empregado ou o repositorio documental como casos de boas prácticas. Dálles os parabéns ao servizo de informática, pola profesionalidade demostrada na busca e posta a disposición das novas aplicacións, aínda que anima a todos para continuar nesta liña, pois é necesario seguir avanzando. Pregunta cales son as previsións de incorporación de novos servizos ao catálogo de procedementos electrónicos.

Anxo Calvo súmase tamén á intervención do profesor Busto sobre o formato da memoria. Tampouco considera universitario defender un Claustro como a actual como “paripé”, ou definir a situación dos traballadores da UDC como de pobreza “absoluta” é un insulto ás situacións de verdadeira pobreza, polo que solicita o rigor esperable de calquera membro da comunidade universitaria. Entrando xa no punto da orde do día, considera que a memoria é unha fotografía realista da nosa situación, e lembra que o plano estratéxico 2013-2020 foi aprobado por ampla maioría polo propio Claustro, polo que as liñas estratéxicas xa están establecidas; o camiño xa está trazado, e non se trata agora de omitir esta circunstancia, senón de planificar como podemos acadar os seus obxectivos

dentro da actual situación. A memoria 2013 permite orientarnos correctamente ao respecto, cumprindo a metodoloxía da planificación. Solicita que o equipo de goberno, e nomeadamente o reitor, aplique o seu liderado ao proxecto estratéxico xa institucionalizado por este Claustro. Nesta liña, salienta o aliñamento do feito en 2013 co previsto na liña estratéxica da internacionalización, e coas liñas de mellora da xestión do profesorado. Dálle os parabéns ao vicerreitor de Profesorado e Planificación docente polo seu enorme esforzo en dialogar, obxectivar a situación e acadar as mellores solucións.

Ana Iglesias valora a memoria na mesma senda do manifestado na súa intervención ao informe do reitor. A memoria invita á reflexión, á discusión, á crítica. Como se está a facer no Claustro. Bota en falta unha análise máis precisa e tamén máis contextual, máis cualitativa, dos problemas. Por exemplo no ámbito da docencia. Como estamos xestionando a corresponsabilización do estudante na súa aprendizaxe? En segundo lugar, considera que cómpre analizar os datos en relación coa igualdade de xénero. A memoria pon de manifesto brechas importantes neste ámbito, polo que hai que profundar no estudo das causas e na proposta das solucións pertinentes. Por último, destaca a política de mantemento do profesorado.

Carlos Platas felicita o equipo reitoral pola elaboración da memoria. Considera que é obxectiva e ben elaborada. Comenta as xornadas convocadas pola vicerreitoría de Investigación sobre o Horizonte 2020, que considera moi importante.

Jorge Crego recoméndalles a algúns claustrais que fagan panfletos e os repartan na entrada do Claustro. Tras isto comenta os problemas do desenvolvemento do doutoramento tras a creación da Escola Internacional: compromiso documental do doutorandos, folla de actividades, plan de investigación. Céntrase na Facultade de Dereito. Solicita que a EIDUDC pase tamén polos centros e recolla as demandas específicas dos doutorandos de cada centro. Perda das bolsas predoutorais: só houbo unha bolsa da Xunta no seu centro, e unha FPU. Hai que reflexionar non tanto sobre os motivos desta baixada, que se saben, canto sobre as súas consecuencias. Os requisitos son cada vez máis restritivos, polo que o equipo de goberno e os equipos de investigación terán que anticiparse mediante políticas específicas.

David Neira, desde os Comités, manifesta o seu apoio á memoria, mais salientando algúns puntos en que debe facerse un maior esforzo como a

redución das bolsas de estudantes. Pregunta cal foi o número de alumnos que non pagaron a matrícula a tempo e que foron sancionados con recargas. Tamén solicita que consten os datos de uso do galego nas aulas. Considera, por último, en alusión a unha intervención anterior, que pensar que é un problema para os estudantes non acudir aos campionatos deportivos estatais, é non ter coñecemento dos verdadeiros problemas dos estudantes da Universidade da Coruña.

Nancy Vázquez Veiga pregunta que marxe ou porcentaxe queda de saldo orzamentario despois de priorizar os gastos de persoal.

Ricardo García Mira tampouco considera que un claustro como este poida ser cualificado seriamente como *paripé*. Verbo da memoria, dálle os parabéns ao equipo de goberno por certas cuestións positivas como o funcionamento regular da oficina en Bruxelas, que é unha aposta moi necesaria para captar fondos comunitarios no actual contexto. Calquera investimento nese ámbito é bo, do mesmo xeito que o horizonte 2020 é o marco correcto para facer avanzar a Universidade a longo prazo. Porén, isto non evita facer política cos recursos dispoñibles. Aínda que está ben facer unha defensa activa do ensino público, hai outras cousas que se poden enfocar de xeito distinto. Así, no ámbito da taxa de reposición, considérase privado, como profesor acreditado a catedrático, da posibilidade de consumir o 10% desa taxa. Considera que a política de profesorado non só ten que defender o cadro de persoal, senón tamén apostar pola calidade e o mérito, que é tamén obxectivo da universidade, alén das demandas sindicais máis inmediatas. Non só consolidar os axudantes doutores, senón tamén aumentar as cátedras cando os titulares se acreditan para iso. Cómpre buscar os cartos necesarios, por exemplo, mediante unha análise de custo beneficio dos servizos. Comenta tamén as exencións docentes. Considera que as UADI deben funcionar mellor, probablemente con mellores plans de formación que aumenten o rendemento. Considera que é necesario avaliar a xestión ou o funcionamento dos grupos de investigación. Por último, resalta a necesidade de sermos máis ambiciosos en Europa, onde hai moitas oportunidades, e onde hai que estar para incidir nas axendas de investigación. Sobre a nosa política urbanística, pregunta se é tan difícil chegar a acordos co Concello.

Tras escoitar as anteriores intervencións, Alejandro Pazos considera que o reitor está resignado, agachado detrás de calquera escusa. Non fai nada. Nada polo PAS, nada polo PDI ou polos estudantes. O persoal do capítulo VI está explotado, co soldo mínimo interprofesional, e non se acatan as sentenzas que recoñecen dereitos, senón que se recorren ao Tribunal

Supremo. Que pensa o reitor disto? Os estudantes non defenden suficientemente os seus dereitos, que se recortan cada vez máis. O que pasa coas infraestruturas é penoso, igual que a memoria presentada. Por último, pídelles ao reitor que poña as pilas para evitar a degradación tan grande desta Universidade. Que se dedique a poñer en marcha os motores desta Universidade.

Narciso de Gabriel considera que a memoria non pode ser brillante porque non o permiten nin o contexto nin a historia desta casa. Porén, intervén para manifestar o seu apoio á xestión do equipo de goberno porque se camiña nunha dirección que el comparte e que cómpre defender, alén dos matices e das cuestións concretas que caiba defender desde cada sector de intereses. Considera que o esforzo que se está facer no uso responsable dos nosos recursos e na defensa dos cadros de persoal é moi importante, porque o primeiro é atender a boa formación dos estudantes, a docencia, nun momento de incorporación de novas metodoloxías docentes. Paradoxalmente, só nos valoran as instancias superiores en función da investigación. E en investigación pasará tempo até que superemos as circunstancias históricas que lastran a nosa existencia (fundámonos sobre escolas universitarias con función basicamente docente).

Rematadas as intervencións, o reitor intervén para contestalas conxuntamente.

Comeza reiterando a súa visión da educación superior como dereito fundamental, e da universidade como servizo público que a canaliza. A súa defensa radical deste modelo aséntase sobre o que o propio Claustro acordou por unanimidade en 2012, e sobre o propio programa plurianual, tamén aprobado polo Claustro de decembro do 2013. Bota de menos a presenza dos representantes dos PAS, que é parte fundamental da universidade, e lembra o importante que é exercer a representación no Claustro, escoitarse, debater publicamente entre as distintas sensibilidades e partes da Universidade, e manifestar mediante a votación os posicionamentos políticos cando así se acorda pola Mesa, que é quen ordena o desenvolvemento da sesión. É certo que hai en 2013 menos docentes que en anos anteriores, en concreto 26. Pero non pode deixar de ser así por varias razóns. Tanto pola amortización dos solapamentos de plans docentes como pola propia taxa de reposición, que obriga a amortizar 9 de cada 10 prazas docentes que fiquen vacantes.

Porén, salienta que se mantén exactamente o número de profesores doutores permanentes, e van acrecentándose o número de doutores, algo no

que se leva traballando anos para superar así os nosos desequilibrios históricos.

Comenta tamén os esforzos para paliar os peores efectos do Real decreto-lei 14/2012 e as sucesivas leis de orzamentos, tanto estatais como autonómicas, que levaron a unha situación de intervención de facto sobre as universidades, por exemplo, a obriga de someter a autorización autonómica calquera praza de PDI, mesmo as temporais. Por exemplo, a negociación dunha norma de dedicación do profesorado, actualmente en curso.

Sobre a baixada de estudantes, considera que as explicacións causais poden ser variadas (estruturas dos plans de estudos, eliminación das bolsas de repetidores, dificultades económicas das familias dos estudantes...), sen que se poida achacarse automaticamente a unha mala calidade da nosa docencia, como ás veces insisten algúns. O reitor insiste nas prioridades fixadas polo equipo de goberno, e porque son esas e non outras, ante unha situación económica tan mala.

Intervén o profesor Izquierdo para insistir nas tendencias concretas que sinalou na súa intervención (as reducións por cargos de xestión, fronte ás reducións por investigación), e que o reitor non contestou na súa intervención. O reitor explica cal é a estrutura de dedicación dun profesor, que debe combinar, en maior ou menor medida, en función das preferencias individuais de cada quen, a docencia, a investigación ou a xestión. Está a discutirse nese sentido a norma de dedicación do profesorado nos órganos competentes, e é aí onde deben darse os debates e chegar aos consensos necesarios nun tema moi complexo.

Tras as anteriores intervencións, e logo de someter a Memoria de xestión 2013 á votación do Claustro, apróbase segundo figura no **anexo III** por:

- 97 votos a favor
- 9 en contra
- 18 abstencións

4. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións prodúcense as seguintes:

Jorge Rodríguez, en representación dos estudantes de ciencias, solicita que se abra a posibilidade de mellorar nota mediante un segundo exame nas materias, de cara a cumprir o Real decreto de bolsas.

Severino Salgueiro, desde os Comités, denuncia a situación do CUR: falta de enchufes, wifi, falta de aula para traballos en grupo, horario escaso... Tamén se refire ao profesor Pazos, a quen cualifica como ignorante absoluto sobre o movemento estudantil, polo que o convida a informarse mellor sobre a súa situación e as súas iniciativas.

Silvia Rodríguez, desde os Comités, manifesta a súa preocupación pola baixísima porcentaxe de presenza do galego nas aulas, e tamén nas web dalgúns centros e na realización de exames. Solicita respecto para os dereitos de recibir docencia e facer os exames en galego. Solicitan o apoio do equipo de goberno na mellora do servizo de transporte, tanto na calidade como no bonobús universitario, para o que conseguiron centos de sinaturas.

Ernesto Vázquez-Rey Farto apoia as intervencións feitas polos estudantes, e engade que xestionar os cartos públicos esixe propostas concretas, polo que solicita que o profesor Pazos abandone a demagogia. O estudantado é consciente dos recortes, pero tamén é consciente de onde veñen, que non é do equipo de goberno, polo que a unidade na reivindicación a prol da universidade debería ser común. Solicita información sobre o número de estudantes que abandonan os estudos, que deixan de aboar a matrícula. Por último, ofrécese a explicarlle ao profesor Pazos a diferenza entre as delegacións de estudantes que defendía Meilán e o actual asociacionismo estudantil, en que existen persoas militantes de partidos políticos como en calquera outro sector universitario ou mesmo social.

O profesor Pazos contesta, por alusións, que está aberto a dar calquera explicación. De feito, sinala, constan nos seus programas electorais de 2003 e de 2011 todas as propostas concretas.

O reitor contesta que a posibilidade de facer un segundo exame non acaba de a ver, aínda que é certo que esta aí o Real decreto de bolsas, que está levando a que os estudantes se matriculen de menos créditos para non arriscarse. Tamén considera que os datos de abandono se deben manexar con coidado, porque hai que agardar á resolución das bolsas, e os datos poden ser distorsionados, mais comprométese a difundir na web os datos consolidados de abandono. Toma nota das reclamacións dos estudantes sobre o uso do galego e o transporte, que serán cursadas ás vicerreitorías competentes para a súa análise e tratamento.

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión ás 13.58 horas.
De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
Xosé Luís Armesto Barbeito